

PREGUNTAS FRECUENTES

BENEFICIARIOS

1. Pode participar no proxecto máis dun organismo de investigación?

Si que poderían, tanto como membros dunha agrupación que solicite un proxecto en cooperación liderado por unha empresa, como subcontratados por unha ou varias entidades solicitantes dun proxecto individual ou en cooperación (sexan estas tanto empresas como outros organismo de investigación).

É importante ter en conta que no primeiro dos casos, cando os organismos participen como socios dun proxecto en cooperación no marco dunha colaboración efectiva cunha ou varias empresas, cada organismo de investigación deberá ter no proxecto un orzamento mínimo subvencionable de 10.000.000 euros que nunca poderá ser inferior ao 10% do custo total do proxecto. Neste caso ademais será necesario que cada organismo conte cun centro de traballo permanente en Galicia.

2. Nos proxectos en cooperación, unha AIE (agrupación de interese económico) ou unha UTE (Unión Temporal de Empresas) de empresas do mesmo grupo empresarial, poden participar como membros dunha agrupación solicitante dun proxecto?

Non, so poden ser membros dunha agrupación solicitante dun proxecto en cooperación empresas privadas que pertencen ao mesmo grupo empresarial, medianas ou grandes, e que conten cun establecemento permanente legalmente constituído en Galicia. Cada empresa participante deberá ter unha participación non inferior ao 10% do custo total subvencionable do proxecto.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

3. Podería ser subvencionable no concepto de custos de equipamento e material instrumental, do artigo 11 das bases, a amortización de equipamentos que non sexan de nova adquisición?

Si, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que se xustifique na memoria do proxecto a data de adquisición, a vida útil do equipamento, os custos de amortización calculados sobre a base das boas prácticas contables e os períodos de utilización para o proxecto.
- Que o equipamento non fora adquirido cunha axuda pública.
- Que o equipamento non estea xa amortizado

ORZAMENTO

4. Que condicións debe cumprir o orzamento dun proxecto en cooperación?

A participación empresarial nun proxecto en cooperación non pode ser nunca inferior aos 20 millóns de euros, participe unha única empresa ou varias do mesmo grupo empresarial. Se ademais no proxecto en cooperación participase un organismo de investigación a súa participación no proxecto deberá ser como mínimo de 10 millóns, os cales incrementaríanse á participación empresarial. Debe terse en conta ademais que ningunha entidade, sexa unha empresa ou un organismo de investigación, poderá ter unha participación inferior ao 10% do orzamento total do proxecto.

INTENSIDADE DA AXUDA

5. Cal sería a intensidade de axuda que se aplicaría a un proxecto en cooperación?

A intensidade global coa que se poderá apoiar un proxecto en cooperación respectará sempre os límites de intensidade máxima conforme os artigos 25 do (UE) nº 651/2014 tendo en conta: a súa calificación (investigación industrial ou desenvolvemento experimental); as características das entidades que nel participan e o seu orzamento subvencionable, segundo os apartados 3.1 e 3.2 do artigo 8 da convocatoria.

Á hora de determinar a axuda de cada unha das entidades participantes nun proxecto en cooperación teranse en conta estas mesmas limitacións. No caso en que no proxecto participe un organismo de investigación este podería chegar a recibir unha axuda pola cantidade total dos seus gastos subvencionables, pero sempre tendo en conta que nos proxectos desta convocatoria deberá axustarse ao máximo a proporcionalidade da axuda debido a súa magnitude e complexidade e que ten que evitarse a posible axuda indirecta á parte empresarial do proxecto a través do organismo de investigación. Isto terase en conta á hora de determinar a axuda a propoñer a cada entidade participante no proxecto en cooperación que se indicará, segundo o artigo 34.3 da convocatoria, na resolución de concesión, ademais de limitarse a axuda total que o proxecto en cooperación podería obter á cantidade que a empresa/s coa/s que o/s organismo/s colabora/n podería ter segundo esta convocatoria.

6. Cal sería a intensidade de axuda no caso de que se presenten varios proxectos agrupados nun Plan?

No caso de Plans nos que se agrupen máis dun proxecto aplicarase a cada un deles as intensidades globais segundo o artigo 8 da convocatoria, tendo sempre presente ademais a posible relación entre os proxectos incluídos no Plan e que a axuda total que se podería conceder a unha mesma entidade non produce falseamento algún da competencia no mercado da Unión.

7. No caso de que se presente un plan que agrupe varios proxectos, é posible que estes reciban unha cualificación diferente, é dicir, que uns se cualifiquen de investigación industrial e outros de desenvolvemento experimental?

Si, é posible. Cada proxecto incluído nun plan avaliarase de xeito independente tal e como se indica no artigo 31.1, polo que a súa cualificación dentro dunha das actividades subvencionables do Programa: investigación industrial ou desenvolvemento experimental, podería ser diferente.

Debe terse en conta ademais, segundo o indicado no artigo 6.2 das bases reguladoras, que a cualificación ao abeiro deste Programa será única e a máis desfavorable en termos de intensidade de axuda. Así por exemplo, se nun proxecto se contemplan tanto actividades de investigación industrial como de desenvolvemento experimental, a cualificación do proxecto será a de desenvolvemento experimental de xeito completo, co obxectivo de limitar ao máximo a axuda pública.

8. ¿Qué requisitos se debe cumprir para que se considere que existe colaboración efectiva entre unha empresa/s e un/os organismos de investigación?

Para que a colaboración entre unha empresa/s e un organismo de investigación poida considerarse “efectiva” é necesario que se cumpran unha serie de requisitos segundo a normativa de aplicación, os cales deben quedar perfectamente reflectidos no acordo que regule a agrupación solicitante:

- a) A propia definición de Colaboración efectiva (segundo o artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014 e recollida tamén entre as definicións da convocatoria (art. 2)): colaboración entre polo menos dúas partes independentes para o intercambio de coñecementos ou tecnoloxía, o para alcanzar un obxectivo común sobre a base da división do traballo, na que as partes implicadas definen conxuntamente o ámbito do proxecto en colaboración, contribúen a súa aplicación e comparten os seus riscos e os seus resultados; unha ou varias das partes poden soportar a totalidade dos custos do proxecto e liberar así as outras partes dos seus riscos de financiamento; a investigación baixo contrato e a prestación de servizos de investigación non se consideran formas de colaboración.
- b) É necesario que de forma previa ao inicio do proxecto, se definan todas as condicións do proxecto conxunto, en particular: contribucións aos seus custos, os riscos e resultados compartidos, a difusión dos resultados, acceso aos DPI e normas para a súa asignación (isto non inclúe os acordos definitivos sobre o valor de mercado dos DPI resultantes e o valor das contribucións ao proxecto) (tal e como se indica no pto. 27 do Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), en adiante Marco).
- c) Se teña claro que, segundo a definición de organismo de investigación (artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014 e tamén recollida entre as definicións da convocatoria (art. 2)) as empresas que podan exercer unha influencia decisiva

no organismo, por exemplo, en calidade de accionistas ou membros, non gozan de acceso preferente aos resultados que este xere.

- d) É necesario que o organismo teña dereito a publicar os resultados da súa propia investigación (segundo o art. 25. b) do Regulamento (UE) nº 651/2014)
- e) En relación á regulación dos DPI, para que non se considere que hai unha axuda indirecta á/s empresa/s a través do/ os organismo/s de investigación debe contemplarse o indicado no pto. 28 do Marco e, por tanto, darse algunha das seguintes condicións:

- que as empresas participantes corran cos custos íntegros do proxecto

- poida darse ampla difusión aos resultados da colaboración que non xeren DPI, e todo DPI resultante das actividades dos organismos de investigación se cede integramente das devanditas entidades.

- todo DPI resultante do proxecto, así como os correspondentes dereitos de acceso, atribúense aos distintos socios da colaboración de forma axeitada e en función das súas tarefas, contribucións e intereses respectivos.

- os organismos de investigación reciben unha compensación equivalente ao prezo de mercado dos DPI que resulten das súas actividades e que se asignen ás empresas participantes, ou aos que se asignen dereitos de acceso ás empresas participantes; o importe absoluto do valor de toda contribución, tanto financeira como non financeira, das empresas participantes aos custos das actividades dos organismos de investigación resultantes dos DPI correspondentes, pode deducirse desa compensación.

NOTA: É importante destacar que a efectos deste último punto a Comisión Europea considerará que a compensación recibida é equivalente ao prezo de mercado se permite aos organismos de investigación en cuestión gozar de todo o beneficio económico deses dereitos, especialmente cando se cumpre unha das seguintes condicións:

- a) o importe da compensación foi calculado mediante un procedemento competitivo de venda aberto, transparente e non discriminatorio

- b) unha avaliación dun experto independente confirme que o importe da compensación é como mínimo igual ao prezo de mercado

- c) o organismo de investigación, en calidade de vendedor, pode demostrar que efectivamente negociou a compensación, en condicións de igualdade, co fin de obter o máximo beneficio económico no momento en que se subscribe o contrato, considerado ao mesmo tempo os seus obxectivos estatutarios

- d) nos casos en que o acordo de colaboración outorgue á empresa que colabora un dereito preferente en canto aos DPI xerados polos organismos de investigación colaboradores, cando esas entidades exerzan un dereito recíproco a solicitar ofertas economicamente máis vantaxosas de terceiros de

xeito que a empresa colaboradora ten que igualar a súa oferta en consecuencia.

Se non se cumpre ningunha das condicións do punto 28, o valor total da contribución dos organismos de investigación se considerará unha vantaxe para as empresas colaboradoras, ás que se aplican as normas sobre axudas estatais

Indicar ademais que o documento contractual de regulación da agrupación deberá prever como mínimo, segundo o artigo 4 da convocatoria, os seguintes puntos:

- a) Distribución das actividades e do orzamento total e o aportado por cada un dos membros da agrupación.
- b) Acordo de representación da agrupación e elección do seu representante ante a Administración para os efectos de interlocución con ela.
- c) Acordos de confidencialidade.
- d) Propiedade, protección legal (patentes) e divulgación dos resultados.
- e) Xestión da agrupación, plan de continxencias e distribución de responsabilidades ante posibles dificultades.
- f) Designación dun xefe técnico do proxecto.

Para efectos informativos sinálanse a continuación os aspectos máis destacados que se deberán ter en conta no articulado dun acordo de colaboración entre empresa/s e organismo/s de investigación de acordo á normativa de aplicación do programa Industrias do Futuro 4.0.

1.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Bases reguladoras do Programa Industrias do Futuro 4.0

Resto de normativa segundo o artigo 50 da convocatoria:

As normas comunitarias aplicables e as normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralles de aplicación a seguinte normativa comunitaria:

- a) Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.
- b) O Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), para aqueles proxectos cuxa axuda superase os limiares de notificación incluídos no Regulamento (UE) nº 651/2014 (en adiante Marco)

Supletoriamente, seralles de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e o seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais disposicións que resulten de aplicación.

2.- PRINCIPAIS ASPECTOS A TER EN CONTA NA DEFINIÇÃO DO ACORDO SEGUNDO ESTA NORMATIVA

2.1 Definicións a ter en conta:

-Organismos de investigación e difusión de coñecementos: son organismos de investigación e difusión de coñecementos (en adiante, organismos de investigación), segundo a definición do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014, toda entidade (por exemplo, universidades ou centros de investigación, organismos de transferencia de tecnoloxía, intermediarios de innovación ou entidades colaborativas reais ou virtuais orientadas á investigación), independentemente da súa personalidade xurídica (de dereito público ou privado) ou forma de financiamento, cuxo principal obxectivo sexa realizar de forma independente investigación fundamental, investigación industrial ou desenvolvemento experimental ou difundir amplamente os resultados delas mediante o ensino, a publicación ou a transferencia de coñecementos. Cando unha entidade deste tipo leve a cabo tamén actividades económicas, ou financiamento, os custos e os ingresos das devanditas actividades deberanse contabilizar por separado. As empresas que poidan exercer unha influencia decisiva nas devanditas entidades, por exemplo, en calidade de accionistas ou membros, non poderán gozar de acceso preferente aos resultados que xere.

-Actividades non económicas dos organismos de investigación: tal e como se recolle no punto 2.1. do Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación, aquelas actividades que non consisten na oferta de bens e/ou servizos nun determinado mercado, Incluíndose entre elas as actividades primarias dos organismos de investigación, en particular: a educación para lograr máis e mellor persoal cualificado; a realización de I+D independente para a mellora do coñecemento cando o organismo emprenda unha colaboración efectiva e a ampla difusión de resultados das investigacións de forma non discriminatoria e non exclusiva. Tampouco se considerarían actividades económicas as actividades de transferencia de coñecemento cando son levadas a cabo polo organismo de investigación sempre que os beneficios xerados por elas volvan investirse nas súas actividades primarias. O carácter non económico destas actividades de transferencia non se ve afectado polo feito de contratar con terceiros a prestación dos servizos correspondentes mediante licitación pública.

-Colaboración efectiva: tal e como se recolle no artigo 2 punto 90 do Regulamento (UE) nº 651/2014 é a colaboración entre polo menos dúas partes independentes para o intercambio de coñecementos ou tecnoloxía, ou para alcanzar un obxectivo común sobre a base da división

do traballo, en que as partes implicadas definen conxuntamente o ámbito do proxecto en colaboración, contribúen á súa aplicación e comparten os seus riscos e os seus resultados; unha ou varias das partes poden soportar a totalidade dos custos do proxecto e liberar así outras partes dos seus riscos de financiamento; a investigación baixo contrato e a prestación de servizos de investigación non se consideran formas de colaboración.

2.2 Outros aspectos:

-Dentro do marco da colaboración efectiva na colaboración entre organismos de investigación con empresas debe terse en conta que:

A) Punto 27 do Marco: as condicións dun proxecto de colaboración, en particular en canto a contribucións aos seus custos, os riscos e resultados compartidos, a difusión dos resultados, acceso aos DPI e normas para a súa asignación, deben concluírse antes do inicio do proxecto (isto non inclúe os acordos definitivos sobre o valor de mercado dos DPI resultantes e o valor das contribucións ao proxecto).

B) Punto 28 do Marco: axudas indirectas dos organismos á empresa: Cando os proxectos de colaboración os realicen conxuntamente empresas e organismos de investigación, a Comisión considera que non se conceden, merced ás condicións favorables da colaboración, axudas estatais indirectas ás empresas participantes a través das ditas entidades cando se cumpre algunha das seguintes condicións:

a) que as empresas participantes corran cos custos íntegros do proxecto;

b) poida darse ampla difusión aos resultados da colaboración que non xeren DPI, e todo DPI resultante das actividades dos organismos de investigación se cede integramente das devanditas entidades, ou

c) todo DPI resultante do proxecto, así como os correspondentes dereitos de acceso, atribúense aos distintos socios da colaboración de forma axeitada e en función das súas tarefas, contribucións e intereses respectivos, ou

d) os organismos de investigación reciben unha compensación equivalente ao prezo de mercado dos dereitos de propiedade industrial que resulten das súas actividades e que se asignen as empresas participantes, ou aos que se asignen dereitos de acceso ás empresas participantes; o importe absoluto do valor de toda contribución, tanto financeira como non financeira, das empresas participantes aos custos das actividades dos organismos de investigación resultantes dos DPI correspondentes, pode deducirse desa compensación.

A efectos do punto 28 d), a Comisión considerará que a compensación recibida é equivalente ao prezo de mercado se permite aos organismos de investigación en cuestión gozar de todo o beneficio económico deses dereitos, especialmente cando se cumpre unha das seguintes condicións:

a) o importe da compensación foi calculado mediante un procedemento competitivo de venda aberto, transparente e non discriminatorio, ou

b) unha avaliación dun experto independente confirme que o importe da compensación é como mínimo igual ao prezo de mercado, ou

c) o organismo de investigación, en calidade de vendedor, pode demostrar que efectivamente negociou a compensación, en condicións de igualdade, co fin de obter o máximo beneficio económico no momento en que se subscribe o contrato, considerado ao mesmo tempo os seus obxectivos estatutarios, ou

d) nos casos en que o acordo de colaboración outorgue á empresa que colabora un dereito preferente en canto aos DPI xerados polos organismos de investigación colaboradores, cando esas entidades exerzan un dereito recíproco a solicitar ofertas economicamente máis vantaxosas de terceiros de xeito que a empresa colaboradora ten que igualar a súa oferta en consecuencia.

Se non se cumpre ningunha das condicións do punto 28, o valor total da contribución dos organismos de investigación considerarase unha vantaxe para as empresas colaboradoras, ás que se aplican as normas sobre axudas estatais

-Segundo artigo 25.6 b) do Regulamento (UE) nº 651/2014

As intensidades de axuda para a investigación industrial e o desenvolvemento experimental poderán aumentarse, ata un máximo do 80 % dos custos subvencionables, en 15 puntos porcentuais se se cumpre que o proxecto implique unha colaboración efectiva:

-entre unha empresa e un ou varios organismos de investigación e difusión de coñecementos, asumindo estes como mínimo o 10 % dos custos subvencionables e tendo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación.

-Segundo o artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014

As axudas que se concedan ao abeiro do programa Industrias do Futuro 4.0 deben ter un efecto incentivador polo que o inicio do proxecto non pode ser anterior á solicitude da axuda, entendendo a data de inicio non como unha data a partir da cal se poden imputar gastos, senón realmente a data de inicio das actividades do proxecto. Ademais a axuda deberá cambiar o comportamento da entidade solicitante de tal maneira que emprenda actividades complementarias que non realizaría, ou que, sen a axuda, realizaría dunha maneira limitada ou diferente, de forma que a axuda supoña un aumento substancial do alcance do proxecto, da cantidade total investida ou da velocidade de execución deste. Con todo, as axudas non deben subvencionar os custos dunha actividade en que a empresa incorrería de todos modos nin deben compensar o risco empresarial normal dunha actividade económica.

2.3 CONTIDO MÍNIMO DO ACORDO segundo as bases reguladoras da convocatoria

Artigo 4 da convocatoria:

As agrupacións rexeranse polo documento contractual que as regule. O funcionamento interno da agrupación responderá a criterios de autonomía de xestión e deberá incluír de forma expresa quen é o líder ou representante da agrupación.

O documento contractual de regulación da agrupación deberá prever, como mínimo, o seguinte:

- a) Distribución das actividades e do orzamento total e o achegado por cada un dos membros da agrupación.
- b) Acordo de representación da agrupación e elección do seu representante ante a Administración para os efectos de interlocución con ela.
- c) Acordos de confidencialidade.
- d) Propiedade, protección legal (patentes) e divulgación dos resultados. Tendo en conta que, no caso de participar organismos de investigación e difusión, estes deben ter dereito a publicar os resultados da súa propia investigación. Ademais exíxirase que, segundo o apartado 2.2.2 punto 28 do Marco, todo DPI (Dereito de propiedade intelectual e industrial) resultante do proxecto, así como os dereitos de acceso se atribúan entre a empresa e o organismo de forma adecuada e en función das súas tarefas, contribucións e intereses respectivos ou o organismo reciba unha compensación equivalente ao prezo de mercado dos DPI que se xeren e que se asignen á empresa ou aos que se lles asigne dereito de acceso.
- e) Xestión da agrupación, plan de continxencias e distribución de responsabilidades ante posibles dificultades.
- f) Designación dun xefe técnico do proxecto.

Con todo, o orzamento e as actividades quedarán suxeitos ao establecido na resolución de concesión da axuda.

A agrupación de empresas non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto no artigo 35 da Lei 9/2007.

9. ¿E imprescindible que a industrialización de un proxecto financiado ao abeiro do programa Industrias do Futuro 4.0 se desenvolva en Galicia?

Non, a convocatoria non exige este requisito, pero os proxectos deberán, tal e como se recolle no artigo 6 da convocatoria, ser proxectos tractores dentro dos ámbitos máis destacados da economía Galega con un efecto de arrastre ou cascada de transformación do tecido industrial galego hacia unha competitividade basada na innovación , de forma que contribúan a conseguir unha “Industria intelixente” en Galicia no 2020 pola súa orientación hacia a renovación do modelo productivo galego hacia un novo modelo industrial.

Relacionada con esta cuestión debe terse en conta tamén o recollido no art. 30 da convocatoria sobre a valoración do impacto en Galicia do proxecto así como que a empresa ou empresas, solicitantes, deberán exercer un efecto tractor sobre o resto de axentes do Sistema Galego de Innovación, especialmente entre empresas de menor tamaño (art. 4).